

ORDENANZA Nº III.6 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS, CATÁLOGOS, CERÁMICAS E OUTROS ARTIGOS POLO CONCELLO.

Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 127 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do R.D.L. 2/2004, establécese o PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE LIBROS, CATÁLOGOS, CERÁMICAS E OUTROS ARTIGOS POLO CONCELLO

Artigo 2º. CONCEPTO:

Os prezos públicos regulados nesta Ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público a satisfacer polos usuarios/beneficiarios que voluntariamente soliciten algún dos artigos subministrados polo Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, tales como libros, catálogos, cerámicas e demais de natureza análoga, sempre que os mesmos non sexan de solicitude ou recepción obrigatoria polos adquirentes dos artigos, e non estean reservadas á Entidade Local.

Artigo 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO:

Están obrigados ó pago do prezo público establecido nesta Ordenanza os adquirentes dos artigos subministrados polo Concello.

Artigo 4º. ESTABLECEMENTO E CONTÍA.

1.- O establecemento e contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local por delegación do Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 47.1 do R.D.L.

2/2004 e artigo 23.2 b) da Lei 7/85.

2.- A estos efectos, con carácter previo ó suministro dos artigos, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada artigo, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o coste do mesmo.

Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interés público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos supostos deberán consignarse nos presupostos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.

3.- Acordados os prezos de cada subministro, o acordo será exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello a efectos da súa publicidade.

4.- O prezo fixado pola Xunta de Goberno Local, conforme ó indicado, levará engadido o I.V.E.

Artigo 5º. NORMAS DE XESTIÓN:

A obrigación do pago do prezo público regulado nesta Ordenanza nace no momento do suministro debendo ingresar o seu importe conforme se estableza nos respectivos acordos da Xunta de Goberno Local.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Data establecemento:

PUBLICADO BOP (establecemento):27/12/2007

Data modificación actual:

PUBLICADO BOP (reordenación ordenanzas): 30/12/2013